

Déspotas insensatos,  
Forzá, forzáde gallos,  
Pode oprimir o ferro,  
Un corpo entraqpecido,  
Mais as nobres idéas,  
E gloriosos instintos...  
Esas... non pode, non o  
(duro ferro,  
Nin a morte, extinguidos!  
Eduardo PONDAL

# A Nosa Terra

(NUESTRA PATRIA)

CORREO  
ARGENTINO  
Central B

FRANQUEO PAGADO

Concesión No. 2032

TARIFA REDUCIDA

Concesión No. 2727

Año XXX

★ BÓS AIRES, XULIO DE 1945

★

Redacción - Administración: Rúa GRANO 2186

★

Núm. 440

## Adhesión de Don Manuel Portela Valladares ao Consello de Galiza

A rexa personalidade liberal de Don Manuel Portela Valladares sempre se manifesta, tal como é, nos intres decisivos e de verdadeira transcendencia, endexa máis nos cativos pleitos da política usual. O seu liberalismo nunca foi calculado, lóxico, senón intuitivo ao xeito atlántico. Como bó galego, tivo sempre fé no instinto popular de Galiza, coas súas complexidades e os seus trasacordos. Home de sólida cultura, adquirida en libros fundamentaes de todol-os tempos e de todalas tendencias, nin podía ser doutrinario nin quixo axeiarse enteiramente aos partidos chamados liberales. Por eso non chegou a ser unha primeira figura da monarquía, onde calquera cación medraba a forza de renunciamentos e servilismos. Portela foi sempre un home independente, libre de prexuícios, pouco amigo de protocolos cortesáns, partidario da liberdade e da democracia e, por ende, insurrecto da monarquía.

Don Manuel Portela Valladares foi moitas veces deputado a Cortes, sempre por Galiza, e ben pode decirse que nunca lle debeu a súa acta ao amañador entronizado no Ministerio da Gobernación, senón aos eleitores do distrito que representaba. Loitou bravamente na vangarda do agrarismo galego — única filiación política que se lle pode asi-

ñar nos tempos idos da monarquía— e, polo tanto, xa levaba marcado nos camiños íntimos da súa conciencia o rumbo antimonárquico. Todos lembramos como "El Pueblo Gallego" — o mellor e máis leído periódico de Galiza — foi obra da súa xenerosidade, sen máis obxecto que o de galeguizar e republicanizar o noso país. O periódico que sostíña e pagaba Portela chegou diariamente aos máis arredados currunchos de Galiza, para difundir os verdadeiros ideaes de liberdade e democracia, e foi republicán antes de vir a República.

Como autonomista galego, Portela non soio se fixo presente a través do seu periódico; revelou-se a decotio nos mitins agrarios e nas arengas eleitoraes. En discursos inesquecibles deitou na conciencia democrática de Galiza as mellores razóns que podía aducir un político da súa envergadura intelectual. Dende Fonsagrada a Tui, a voz de Portela, sempre galega, deixou un ronsel de esperanzas que non se poden esvaer. O seu libro "Ante el Estatuto" ficará na hesforia do movemento autonomista de Galiza como unha peza fundamental, parella da que nos deixou Alfredo Brañas. Compre engadir que a ponencia de Estatuto de Galiza, redactada pola Comisión parlamentaria, eleixida pol-os deputados das catro provincias galegas (ponencia entregada solemnemente na Diputación da Cruña), foi obra que se lle debe ao galeguismo de Don Manuel Portela. Galiza enteira sabe moi ben que este home singular endexa máis se deixou correr polo centralismo e que nunca deixou de proclamar en Madrid o mesmo que predicaba en Galiza.

O comportamento de Portela durante os anos que viveu a segunda República, ben se pode decir que foi correcto. Na República liberal e democrática, calquera cesante da monarquía, reformista ou reaccionario, podía gabear até os máis outos postos rentados do goberno, con tal de que abxurase cónicamente do seu pasado monárquico; pero D. Manuel Portela tivo de sufrir vetos inxustos e inalicables, que o obrigaron a traspasar a fronteira do esquerdismo, sen que o empuñón que lle deron o fixera caer no campo farisaico de Gil Robles, como caeu Lerroux. A política de Portela nunca foi desenfrenada, aínda que as humanas paixóns lle ferveran no sangue. Este home chegou a ser Presidente do Consello de Ministros e concibeu a idea de formar un partido de centro, para equilibrar as forzas estremas da República e librala do suicidio. Por ser leal aos principios democráticos e á Lei, convocou a eleccións xeraes, que, como todos saben, deron o triunfo aos partidos do Frente Popular. Agora ben; pode decirse que Portela non estaba acertado e que se trabucou nos seus cálculos políticos; pero

ninguén dirá que as eleccións orgaizadas por él foron fraudulentas a favor do partido que intentaba formar. Ocurreu — i eiquí se marca o seu liberalismo — que as dereitas derrotadas, en contubernio cos militares, xuzgaban que Portela estaría fora de sí e propuxéronlle dar un golpe de



Portela Valladares

Estado para bulr... a vontade do poyo español. Entón Portela non somentes se negou ao requirimento das dereitas e os militares, senón que se apresurou a entregar o poder nas mans de Azaña, dándolle coñecimento dos perigos que a República corria.

A pesares do comportamento de Portela, éste sofreu ataques immoderados nas Cortes reunidas despois do triunfo do Frente Popular, sen que os homens advertidos pola lealdade de Portela, fixeran o máis mínimo esforzo para evitaren aqueles ataques. E cando a guerra civil ensangrentaba a Hespaña e o mundo empezaba a negar a lexitimidade das Cortes da República e, polo tanto, do Goberno leal, Portela deixou o seu seguro refuxio de Franza e presentouse na sesión parlamentaria que se celebrou en Valencia o día primeiro de outono do 1937, para proclamar dende alí a lexitimidade das institucións que exercían o Poder do Estado cando se sublevaron os militares. Este novo servico prestado por don Manuel Portela á República foi eficaz e resoante, porque ningún outro testemoio podía ser tan valediro como foi o seu n-aquel intre. Mais para prestar este gran servico, Portela correu os riscos da guerra totalitaria, cando outros homes eminentes, máis obrigados que él, se mantiveron alén da fronteira francesa e non volveron a pisar terra hespañola, anque o deber os chamase, e agora reviven como posibles homes públicos da futura democracia. Si; o proceder exemplar de Portela non somentes contrastou co dos cobardes que desertaron do seu deber, senón con aqueles que exerceron misións remuneradas con esceso, a coberto de todo pe-

laxe; case que todos son somas aprodecidas, sen un significado, sen un voto. Iso é o que me dixu quen d-alá veu. E iso é o que merecen. Soio serviron pra torceren e enlagumaren a roita galega, consumando a máis vil e idiota traizón que custou a vida á República, pois co Estatuto galego e a rexión do outro lado, a rebelión non vivía un mes".

Este ilustre galego, nunha idade avanzada, soportou doores que os ex gobernantes refuxiados en América descoñecen. Negóuselle a saída de Franza, tripano as leis da hospitalidade. O día 9 de decembro do ano 1940, os seides de Lequerica e de Petain roubáronlle canto tiña; tivérono dez días durmindo nas oficinas da Policía, a pan e auga, con 18 grados baixo cero, e logo metérono na cadea co propósito de comprir un asesinato sen verter sangue. Pasou catro meses encamado, entre a vida e a morte, e despois desterrárono a un país que lóxicamente debía serlle mortal, do que conseguiu sair gracias aos médicos. Mandárono ao Sul, onde a Gestapo colleuno dúas veces. Afortunadamente, Portela salvou os seus papeis, que, como algún día veremos, serían d-abondo como para fusilalo no acto. En todol-os intres, a forza moral deste gran home púdo superar a súa flaqueza física e salvado dos perigos que correu. Compre engadir que por dúas veces se pideu a estradición de Portela, nada menos que por roubo de quíntos millóns de pesetas no Banco de España... cando estaba vivindo na miseria. Perante unha figura tan rexa de galego, nós sentímonos orgullosos da nosa estirpe, diñamente representada en Don Manuel Portela Valladares.

Durante os longos anos de cautiverio porque atravesou a Franza, nós vivimos en alarma constante, pensando nos irmáns que alá ficaran; pero a lembranza de Don Manuel Portela foi unha obsesión que nos atromentaba, que nos doía na alma. Hoxe non somentes sabemos que está vivo e salvo, senón que o seu pensamento concorda co noso no afán de salvar a Galiza.

Velahí algúns treitos d-unha carta súa, dirixida ao presidente do Consello de Galiza:

"Meu caro e nunca esquecido Castelao: A súa carta do 23 de xaneiro, doume a ledicia que sei levará ao seu corazón galego esta miña. Contéstolle con retraso porque colleume a grippe, e sahir dela eiquí, sen meiciñas e sen coidos, é coma escapar do inferno".

"Soupen de cómo erguera os corazóns dos nosos irmáns... E agora leo a súa grande, a súa fonda labra pra que froitifique na América a loucura pola redención, pola liberdade, pola xusticia da nosa terra. Digalle a Alonso Ríos as miñas emocións diante da ceifa santa de vostedes. Escoito adentro de mín, percorro as frebas todas do meu espírito, e non atopo máis que unha voz, rexa, limpa, fera: ¡Galiza! que enche o peito e, mandando n-él, dóalle acougo e confianza e amor. Do resto, val máis non fa-

laxe; case que todos son somas aprodecidas, sen un significado, sen un voto. Iso é o que me dixu quen d-alá veu. E iso é o que merecen. Soio serviron pra torceren e enlagumaren a roita galega, consumando a máis vil e idiota traizón que custou a vida á República, pois co Estatuto galego e a rexión do outro lado, a rebelión non vivía un mes".

"Eu alcontro ben a acta de constitución do Consello de Galiza, e no seu punto a salvedade do antiseparatismo... Mais, que reserva o dereito sagro á rebeldía desconta o asovallamento e a esprotazón que vimos sufrindo. O meu pensamento é que nós temos tanto dereito coma o que máis ao goberno interior e que non ademitimos privilexios que nos aventaxen. A constitución política da Hespaña debía sere coma a dos U. S. A.: federación de Estados baixo un soio módrlo, réxime presidencialista. A constitución social debería acomodarse ás condicións particulares de cada Estado. Vestede faloume da URSS e a súa Constitución paréceme ben..."

A carta sigue estendéndose en consideración de grande importancia política, a prol da acción que debe levarse a cabo, e ofrecéndose ao Consello de Galiza sen ningunha caste de reservas. Esta adhesión de Portela, tan vivamente ofrecida, ven a reforzar o prestixio do Consello de Galiza e a súa categoría representativa.

### O TRUNFO LABORISTA

Unha gran lección de democracia acaba de dar Inglaterra ao mundo. O maravilloso condutor da guerra, Churchill, foi derrotado en xeito rotundo. E anque o seu prestixio persoal ficou a salvo da derrota, os ideaes reaccionarios do seu partido mereceron a condenación da maoría do poyo inglés.

Churchill, coa súa mentalidade conservadora, creou que o poyo esquenceriase dos seus anxeios de xustiza, deslumbrado pola brillante campaña do seu capitán. Ese foi o seu grave erro. O poyo inglés, conscente dos seus dereitos e da súa forza, rindeu homaxe ao patriota e repudiou a súa política.

¿Qué vai a suceder agora en Gran Bretaña? Nada que poña en perigo o Imperio. Nacionalizaránse algunhas industrias e algún banco, e todo seguirá o mesmo que sempre. Os ingleses, anque sexan laboristas, son durha flema desesperante e non han de facer as cousas con moita presa.

Polo demáis, o triunfo laborista para nós ten unha gran significación e representa unha inmensa esperanza: o repudio do réxime falanxista e a perspetiva de que termine a colaboración co dictador hespañol. Con esto soio, dábanos por contentos.

### A DECLARACION DE POTSDAM

Os días do Caudillo están contados. A condenación do réxime falanxista, feita pol-os "tres grandes", non admite dúbida. Hespaña terá que convertirse nunha democracia ou ficará aillada do resto do mundo. E un dilema de ferro.

Moitedume de rumores circulan sobor do que ocurrirá na península dentro de pouco. Fálase de un golpe militar, dado pol-os xenerales menos comprometidos na guerra civil, para facer un goberno de transición; fálase da volta da monarquía; fálase dun levantamento do poyo; pero nada hai polo de agora que deixe adiviñar o que pode suceder.

A única realidade, ben triste por certo, é a desunión dos partidos. A eterna discusión de si Prieto ou si Negrín. ¡Parece mentira que haxa tan pouco senso nos homes que representan ou dicen representar a Segunda República hespañola, que non sexan capaces de esquecer as súas miserias en favor da causa común!

A estas horas, cando todo se pon en contra do funesto dictador, imposto por Hitler e Mussolini; cando está a punto de caer o réxime que souteu a Hespaña na barbarie da Idade Meia, aínda nos atopamos ensarillados en polémicas bizantiñas.

¿Será tanta a cegueira que non haberá xeito de chegar a un acordo?

# DEBULLANDO...

por MOUSÉS

O DIA DE GALIZA, traxerá nunha ategada e reconfortante xornada d'emoión galega. O Centro Galego, no "Gran Rex"; a Federación de Sociedades Galegas, no "Teatro Avenida"; os Centros Lucense, Ourense e Pontevedrés no "Centro Asturiano", mobilizaron a verdadeiras moitadedes.

As diversas audicións radiais, entre elas a patrocinada pola Federación de S. G.; os comentarios da prensa metropolitán encol do "Día de Galiza" e o engalanamento patriótico da nosa prensa, criaron un clima axeitado de comunión espiritual coa Patria Galega, que todos arelamos ceibe, rica e próspera.

Emporiso, matinando encol do "Día de Galiza", coidamos que é chegado o intre dirmos pensando nun grandeiro acto para o prósimo Día da Patria Galega, acto no cal, todolos orgaismos da colectividade, puxeran o seu esforzo e responsabilidade.

En ves de varios actos, un só acto que abra guerra grandes proporcións pois está demostrado, que é posíbel mobilizar milleiros de persoas, e deste xeito, facendo as cousas en grande, poderíamos realizar grandes cousas en beneficio da orientación e prestixio da nosa colectividade.

O semanario "Galicia", dende a caída da República, obedecendo influencias alleas ao intrínseco da Patria galega, adicouse a batelo parche até o aburrimiento, da "consiña" da Unidade dos republicáns hespaños de todas as ideoloxías para derrubar a Franco e Falanxe e restabrecela República... Despois, o povo, dirá que é o que quer...

E neste "dirá o povo que é o que quer", vai involucrado — cando non? — o Estatuto Galego. Emporiso, que na "consiña" vai a orde, de non estorbar o movemento de "Unidade hespañola", co seu simil d'Unidade galega, pois a Autonomía de Galiza, virá polo canle natural da República... (?)

Endebén, que o noso natural desconfiado que decote nos fai tripar no terreo das realidades vivas, levounos ao convencimento de que, si nós os galegos non turráramos do noso carro, non eran os hespaños os que nolo ían a ceibar da lama.

Nas decraracións dos califas hespaños emigrados en México, Cuba, Chile, Uruguai, Arxentina, encol da futura estreituración da República, falouse decote da autonomía a Cataluña i Euzcadi. A Galiza, nin pum.

Esto demostra sen lugar a dúbidas, que o respecto que nós les poidamos merecer aos hespaños como povo con dereito á liberdade, está en relación directa coa intensidade con que se pide, s'eisixe ou se toma. Nisto, temos que convir en que os cataláns e vascos s'empregaron máis a fondo que nós; e, meus amiguiños, a verdade é, que inda hai galegos; coitados!, que pensan que, turrando polo carramoto da "Unidade hespañola", serven a Galiza...

E cousa d'asombro o uso e abuso que se fai dos conceptos "Democracia, Liberdade". "O pan do povo". "Os sagros dereitos do povo á súa liberdade". "O povo dirá que é o que quer"... Mais o estraordinario é que quen fai máis uso e abuso destes conceptos, son xentes que acotío se chaman demócratas... Curioso, moi curioso en verdade...

Unha pregunta: O Plebiscito Galego do 28 de Xunio do 36, non foi unha manifestación democrática da vontade soberana do noso povo a vivir unha vida libre, dacordo a un xeito galego? Entón, a qué ven o regateo?... A qué ven o querer negarnos?

Unha cousa hai de certo, i é, que, ou todolos conceptos democráticos máis enriba menzoados, dos que tanto uso e abusó se fai, son unha burda garola, ou pola contra, os galegos que non respetan a vontade manifestada no Plebiscito, son uns treidores ao seu povo.

Nós coidamos, que o movemento de "Unidade hespañola" é unha boa fórmula política d'unión, máis aínda: coidamos que é a única que pode levar aos hespaños, a un entendimento que concrete, certifique e colla autoridade diante propios e alleos, se non fora que son incapaces de vencer o caciquismo dos homes de partido, máis coñecemos en que, esta fórmula, non s'axeita a nós os galegos, como tampouco lles cai aos vascos e cataláns. Nós temos a nosa fórmula i ela é: Unidade galega, Unidade catalana e Unidade vasca,

que desexan a unión — non a unidade, enxérgase ben — cos republicáns hespaños ao través de GALEUZCA.

A Unidade galega é cousa feita i ela maniféstase, ao través dos seus actos e da súa prensa.

O banquete d'estraordinarias proporcións ofrecido a Castela no "Príncipe George", foi unha verdadeira i espontánea adhesión da colectividade á Unidade Galega, simbolizada no seu xefe máisimo, o home máis representativo da Galiza actual e que, culminou na creación do CONSELLO DE GALIZA, orgaismo nazonal galego, que recolle e representa no eisilio, co beneprácito de todolos galegos, as arelas de liberdade do noso povo, manifestadas na histórica votación do Estatuto i é, ao mesmo tempo, o orgaismo que representa a Galiza en GALEUZCA.

A creación do CONSELLO DE GALIZA, deu pé, a unha xeira de labours abaladas pola autoridade e prestixio deste orgaismo nazonal galego, que culminaron nos grandiosos actos de Montevideu en conmemoración da patriótica data do Plebiscito.

O semanario "Galicia" con data 14 de xulio, ceibou unha idea "salvadora" encol dun suposto programa para gobernar a nosa Terra...

Nós queremos crér — e sempre de boa fé — que esta arroutada do editorialista, é unha cución de fígado e de ningunha maneira unha burda manobra para crear confusionismo no seo da colectividade.

A Unidade galega realízase en base a unha fórmula: Autonomía e República Democrática e de ningún xeito, baixo a inspiración de programa de partido determinado pois non está de máis acrarar que os programas de partido e a pretensión de querer impór o de cada un aos demais, foi, i é, a pedra descándalo que converteu a política dos eisilados hespaños, nun pintoresco "zoco" marroquí...

Nós, os galegos, somos xentes que lle temos moito respecto ao Atlántico, en razón aos miles de leguas que nos arredan da nosa Terra e polo natural respecto que nos merés as decisións do povo que ficou alá, co seu sufrimento e a súa loita.

Por outro lado, coidamos que os mesmos emigrados políticos galegos, xa están un pouco acriollados en razón aos anos que levan fora da Patria, o que fai que poida que estean un pouco despistados. Consideremos que oito anos de guerra son moitos anos paro os povos e pode ocorrer que problemas que por eiquí se andan a prantexar, xa foran superados na nosa Terra.

Nun periódico republicán desta capital, apareceu e de xeito destacado, a formal protesta de catro firmantes vascos que non se sentían representados polo presidente Aguirre. Dende logo que os devanditos firmantes, sí, sentíanse representados pola Difunta...

Que lle imos a facer, señor... Non hai casa sen pingueira. Na nosa para non sermos menos tamén a temos... Poremos un tacho...

En "Galicia", aparés de novo o señor Diego A. de Santillán e como de cote, decindo un feixe de paparruchadas encol do baril rexurdir dos povos catalán, vasco e galego.

Nós non quixéramos mancar a sensibilidade do señor Santillán, máis si non podemos evitar decirle que, no que respecta aos problemas nazonais da península, pensa eisatamente igual que Franco.

¿E mester lembrarlle ao señor Santillán os mártires do Partido Galeguista que deron a súa vida defendendo a República?

A Hespaña "Una y Grande", foi un dos mórves que levaron aos reacionarios hespaños — e cos cuais neste punto está tan dacordo o señor Santillán — a esnaquizar a República e afogar en sangue mártir, o renascimento nazonal dos distintos povos hispanos, base e futuro dunha Hespaña forte e próspera.

O acto do "Teatro Avenida", co seu éisito de público, orgaizado pola Federación, demostrou unha cousa: que a nosa colectividade responde amplamente aos nosos actos cando eles teñen unha factura galega; non embargantes, cabe señalar algún detalle ao canto. E d'estilo — por non decir de senso común —, que cando unha entidade realiza un acto, sexa él conmemorativo ou d'agasallo, se destaque a unha persoa que eisprique á concorrencia, o porqué do acto a realizarse.

# Rosalía de Castro

Cúmprese neste mes un novo aniversario da morte do meirande cantor da saudade. Ningún como Rosalía de Castro soupo chegar ao fondo da nosa alma coesa pristina sinxeleza propia do verdadeiro poeta. Os seus maravillosos versos flúen coa claridade do virxen mantial, que xurde entre as penas da montana e corre en mil regueiros, dando vida ás herbas e froles dos campos. Non hai en eles ningunha crás de artificio. Todo é dunha pureza que comove. Os aliños e afeites non se fixeron para esta muller, doada dunha eisquisita sensibilidade.

Así como Pondal foi o poeta da raza e Curros Enríquez o poeta cívico, de tipo universal, Rosalía recolle o sentimento do noso povo e, facéndose carne na súa carne, vértelo nas inmortaes estrofas dos seus poemas. E un caso de verdadeira transubstanciación, de tal xeito, que un non sabe si o canto de Rosalía é o sentir do povo, ou si o canto do povo é o sentir de Rosalía. Poida ser que ao cabo dos milenios haxa algún erudito que lle negue a paternidade dos seus propios versos, o mesmo que se dixo da Iliada e da Odisea, que agora resulta que non son obras de Homero, sinon os cantos máis populares dos antigos aedos. Isto é o maior eloxio que se pode facer dun poeta.

O espírito de Rosalía está todo él impreñado de paisaxe, que comprende e ama; e até as cousas máis insinificantes reviven ao conxuro do seu máxico estro. A natureza panteista desta deusa mañifestase nos seus cantos: os montes, os arbres, os regueiros, as herbas, as froles, as pedras; todo ten para ela un senso e merece o seu amor de nai cariñosa. O seu diviño sopro alenta hastra os seres inanimados.

Atópase tan identificada coa terra onde naceu, que cando está lonxe dela, a morriña consúmea e múrchase como frol arrincada da pranta. Mais non é Rosalía a que chora a súa dor; é Galiza a que se alaia; son os segadores galegos, queimados nas planuras de Castela, que se lembran da "súa casiña, seu lar"; son os emigrantes, que morren iflorados en praias inhóspitas; son os humildes, os perseguidos, os que sofren...

Coido que non houbo nin hai poeta no mundo que tan fondamente sentira o amor á súa terra. Para ela é a máis fermosa, a máis doce, a máis fecunda, a única onde vivir e morrer.

Rosalía, a pesares do seu eisaltado lirismo, non se deixou vencer polo espírito demóníaco. Como Goethe, conseguiu dominalo e convertilo no seu escravo. Anque moitas veces fuxía pol-os camiños do ceo, os seus pés sempre estiveron ben afincados na terra. Muller da súa casa, endexamáis esqueceu os deberes maternas. ¡Cantos poemas non foron escri-

tos no meio dos coidados domésticos, arrolando a un neno, ferendo unhas papas, cosendo un vestido!... Non era ríea. O soldo do esposo a pouco chegaba. Había que axudalo. Tña que traballar.

E non era esto soio. As doores moraes, que dende cedo habíana atezado, xunquironse ás físicas. A doencia fatal que levou moito tempo nas súas entrañas, dáballe horas terribres, que lle facían anxeiar a morte.

Non embargantes, nunca perdeu a serenidade. O seu carácter equilibrado soupo domeñar todolos ímpetus e seguir o camiño dereito, que lle marcaba o seu destino.

Foi unha muller exemplar, unha nai agarimosa e un poeta excelso, o poeta máis complotado da nosa terra.

Sexan estas probes e deslavazadas liñas a eispresión afectuosa e sinxela que á súa memoria adica hoxe, polo meu intermeio, A NOSA TERRA.

Ramón Rey Baltar.

## Regreso de Rodolfo Prada

Despois dunha xeira pol-os países de Chile e do Perú, na compañía da súa dona, regresou a esta capital o noso querido irmán e infatigabel viaxeiro, Sr. Rodolfo Prada.

Asuntos comerciais foron os que motivaron o viaxe do noso amigo; pero como o seu espírito decote se atopa alerta para as cousas galegas, non deixou de pórse en contaito cos nosos irmáns das costas do Pacífico, comunicándolles o seu eisaltado sentimento de galeguidade.

Tanto en Santiago como en Lima poido comprobar a gran emoción patriótica que fai vibrar a nosa colectividade e a gran unión que existe nela para todo o que se refire a Galiza.

En Santiago, a figura máis descollante é sin dúbida o diputado e membro do Consello de Galiza, Suárez Picallo, que coa súa afervoadada verba, mantén o entusiasmo dos nosos irmáns chilenos.

Moito nos regocixan as novas que o amigo Prada nos trague, pero moito máis nos alegramos da súa volta.

## NARCISO VIDAL (h)

AGENTE OFICIAL KODAK

- Películas
- Radiográficas
- Accesorios
- Rayos X

PASTEUR 768 Bs. AIRES U. T. 47 - 4718

## Francisco Blanco

CIGARRERIA POR MAYOR Y MENOR

Av. SANTA FE 1100

U. T. 41, Plaza 0278

EDITORIAL

**Sentimiento de Galleguidad**

Los actos celebrados en Montevideo conmemorando el noveno aniversario del Plebiscito gallego, han tenido el más rotundo de los éxitos. El fervor patriótico que vibró en todos ellos puso de manifiesto el espíritu de nuestra colectividad en ambas márgenes del Plata.

Para nosotros, conocedores del sentir de nuestras gentes, el hecho no ha constituido ninguna novedad. Sabemos que cuando es invocado el nombre de Galicia, sus hijos no escatiman sacrificios para acudir al llamamiento. Por encima de nuestras diferencias, por encima de todas las ideologías, está el sagrado amor a la patria, que tan hondamente experimentamos los gallegos.

Hoy, como en junio del 36, cualquiera que sea la posición política de cada cual, todos nos hallamos unidos por un anhelo común: la autonomía de nuestra tierra.

El renacimiento de la galleguidad ha llegado a su culminación. El proceso, que comenzó a mediados del siglo pasado y que, después de varias alternativas de oscurecimiento y brillantez, tomó durante la República el camino de la legalidad, alcanzó ahora su plena madurez.

No es posible concebir que haya ningún político de responsabilidad y que aspire a gobernar en la futura República española, que ignore el estado espiritual de Galicia. Y hasta que hable despectivamente de los gallegos, como si fuéramos algo de inferior condición. Los que pretenden ignorarnos y los que nos ofenden no son merecedores de nuestro respeto.

Galicia dejó ya de ser la tierra mansa que se entregaba sumisa a la voluntad del poder central; la conciencia de los gallegos ha despertado de su largo sueño secular; en todos nosotros late un sentimiento profundo de raza que nos llena de orgullo y endurece nuestro corazón.

Abrajen bien los ojos los que deben ver para que no los sorprenda la realidad del mañana. El Estatuto que a regañadientes fué leído en el Parlamento y que se arrinconó como un trasto inútil, no se nos podrá escamotear de nuevo. La voluntad de nuestro pueblo se habrá de cumplir, pese a los obstáculos que se nos ponga en el camino. Estamos decididos a todo para conquistarlo.

Claro está que no vamos a incurrir en la candidez de esperar a que graciosamente se nos conceda. Lo exigiremos como un derecho, como un derecho inalienable a nuestra condición de gallegos.

No somos separatistas; queremos la hermandad de todas las nacionalidades ibéricas al amparo de un Estado federal; pero tampoco queremos que nuestra personalidad sea disminuída, y lo sería en sumo grado si al reconquistarse la República, no tuviéramos en el acto el instrumento de gobierno que nuestro pueblo desea y necesita para su engrandecimiento.

Triquiñuelas leguleyas dicen que debemos seguir los trámites comenzados el 36 hasta lograr la sanción del Estatuto por las Cortes. Pero ¿es qué no ha sucedido nada en España? ¿Es qué puede invocarse algún precedente, alguna legalidad, después del derrumbamiento ocurrido en la península? ¿Qué es lo que ha quedado en pie de todo lo que había en nuestro solar?

Quiéranlo o no los viejos políticos españoles, el mundo está en un período semicaótico, y España, que no se halla en otro planeta distinto, no puede escapar a la reorganización que la voluntad de los pueblos imponga. Surgirá una nueva estructura, y nosotros, como los vascos y los catalanes, queremos de inmediato el goce de nuestra completa y libérrima autonomía, que nada ni nadie podrá impedir.

**O Presidente do Consello de Galiza, sauda ao primeiro mandatario do Uruguay e ao intendente de Montevideo, pol-a festa nazonal uruguaya**

Excelentísimo Sr. Presidente da R. O. do Uruguay, doctor Juan José Amézaga. — MONTEVIDEO.

En este día glorioso para la patria uruguaya, cobijo feliz de muchos miles de gallegos, renúevole en nombre del Consejo de Galicia respetuosos saludos.

Alfonso R. Castelao  
Presidente

Señor Intendente de Montevideo, Ingeniero Fabini:

En este día de jubilos recordación para esa ciudad, donde miles de gallegos crearon hogares felices, envíole, en nombre del Consejo de Galicia, respetuosos y cordiales saludos.

Bs. Aires, 18/7/1945.

Alfonso R. Castelao  
Presidente

**Fábrica de Paraguas y Carteras**

**RAMON RODRIGUEZ**  
ESPECIALIDAD EN IMPERMEABLES Y PILOTOS

VENTA DE BASTONES, BILLETAS Y CINTURONES  
— VALLAS - COMPOSTURAS —

Federico Lacroze 3770 — U. T. 54, Darwin 6294

**O Día de Galiza foi Celebrado Pol-os Galegos de Bos Aires con Afervoado Patriotismo**

O povo galego da Argentina e do Uruguai, encarnazón fidel da Galiza libre, celebrou a nosa gran diada patria do 25 de Xulio —Día da Galiza—, con estraordinario lucimento e afervoado espíritu galeguista. Coma en anos derradeiros, as entidades máis representativas da nosa coeividade orgaizaron aitos destiñados a lembrar a nosa terra, a eisaltar a súa personalidade, a grorificar aos seus valores eternos e a facer reafirmazón rexa dos dereitos da nazonalidade galega.

Namentras aló, na sagra terra patria, os nosos irmáns aferrollados pol-a barbaría do totalitarismo falanxista, somentes lle poideron adicar á Diada da Patria Galega a doerosa tributazón dos seus crudes sufrimentos, dos seus

forzados silenzos e dos seus rechinar de dentes pol-a carraxe, nós, os gallegos libres d-América, tivémol-a sorte de poder falar por íles, de interpretarlos e de berrar o mundo a verdade da Galiza. Íles, somidos na noite da tiranía, doándoll-a patria galega "sangue, suor e bágoas", íles, irmáns que sofren heroicamente e agardan espranzados a luzada ea quentura da liberdade, infundíronnos aos gallegos libres a súa rexa fé galeguista. E foi a súa, a canzón erxueita do Hino Galego que saíu das nosas gorxas; e foi a d-íles, a emozón que estremeceu os nosos curazos, e foi a súa fidel voce, a que nós dixemos o mundo no Día da Galiza. Con íles e por íles fixemos resoar no ár, a maneira de orazón, de cramor e d-afirmazón nazonal galega, o herro sagro e simbólicoo de: ¡TERRA A NOSA!

Veicinq unha lixeira reseña d-algúns dos aitos cos cales foi celebrado o Día da Galiza, orgaizados por entidades galegas.

**FEDERACION DE S. GALLEGAS**

Ofereceu unha locida velada artística no Teatro Avenida que se viu acugulado de concurrenz. Asistiu, especialmente invitado, o Consello de Galicia, representado polo seu presidente deputado Alfonso R. Castelao e pol-os conselleiros deputados Antón Alonso Ríos e Elpidio Villaverde Rey, quen ocuparon o polco de honor. Tamén concurren distintas personalidades da nosa coeividade.

Foi posta en escena a ópera galega "Maruxa" que conqueu moito éxito. Houbo brillante recitado de poesías galegas pola señorita Suárez que foi moi aplaudido e unha mostra de canto galego e concerto de gaitas.

**CENTRO GALLEGO DE BUE-NOS AIRES**

En hemaxe o Día da Galiza, a máis importante entidade galega do

curso serviu pra enaltecer o nome galego diante os milleiros e milleiros de ouvintes que tivo, pois foi espallado pol-a Radio Belgrano nas suas ondas curta e longa, de maneira que abarcou todo o continente americano e boa parte do europeo.

Coma invitados de honor, asistiron o aito o presidente do Consello de Galicia don Alfonso R. Castelao cos Conselleiros señores Alonso Ríos e Villaverde Rey, o Embaixador de Colombia don A. Santos, e o Conselleiro do Goberno Vasco don Ramón Ma. de Al-dasoro.

**CENTROS ORENSANO - PONTEVEDRES E LUCENSE**

Orgaizado por estes tres importantes e prestixiosos centros provinciales realizouse un gran aito patriótico galego no salón-teatro da rua Solís 475, no mesmo Día da Galiza pol-a noite. O amplo salón istivo acugulado de público, non embargantes ser de entrada paga. Foi o verdadeiro aito con rexo censo político e galeguista dos

Puxo romate o aito, o pre idente do Consello de Galicia, deputado D. Alfonso R. Castelao, con unha afervoadalocución en galego. Fixou maxistralmente a verdadeira sinificazón do Día da Galiza: sinificazón civil e patriótica galega. Presentou unha longa grea de grandeiras figuras da historia de Galiza das cales renegou, por que non souperon o non poideron facer historia galega nin salvar as esenzas galegas, salvazón que tiveron que facea no pasado as xenfes do povo; labregos e mariñeiros. E coma contraste coas figuras do pasado galego, presentou i eisaltou afervoadamente aos homes que, no presente, fixeron historia galega, puxeron en pé a Patria Galega, ergueron a nazonalidade galega: os mártires; e diante d-íles o grorioso Alexandro Bóveda. Con verbas de fonda emozón e de rexo contido, Castelao conxurou aos gallegos a traballar e loitar sen acougo pol-a Patria Galega que os mártires salvaron e puxeron en pé con sacrificio do seu



Concurrenz que asisteo ao aito orgaizado pol-a Federación de Sociedades Gallegas

América, —que hoxe conta con 85.000 asociados—, brindou no Cine-Teatro Gran Rex, con capacidade pra catro mil eispectadores, un estraordinario Concerto de música e canto galego, baixo a direución do mestre F. Balaguer. Aituu unha orquesta composta de 50 profesores e o prestixioso coro vasco "Lagun-Onak" de 80 voces. Resultou un aito de outa categoría artística que puxo de releve o gran valor da nosa música e dos nosos cantos.

O presidente do Centro Galego deu lectura a un saúdo aos gallegos emigrados e anunciou a creazón d'un premio de catro mil peso pra o millor libro que se escriba sobor da Galiza.

O eminente profesor galego, ex decano da Facultade de Meicína de Zaragoza, Dr. Gumersindo Sánchez Guisande, tivo ao seu cárrago o discurso de circunstancias. Fixo unha manífica disertazón: erudita, eloocente e chea de afervoado galeguismo. Foi unha brillante eisaltazón da Galiza que lle valeu ovacións e felicitaíóns afervoadas. Unha vegada máis amostrou o Dr. Sánchez Guisande a súa fonda cultura, as suas dotes de orador, as suas convicíóns democráticas e sua paixón pol-a patria galega. O seu dis-

galegos de Bos Aires.

Deu comenzo co Hino Galego que foi escoitado de pé pol-a concurrenz. Logo, unha orquesta de membros da Asociación del Profesorado Orquestal, interpretou pezas de música galega dos mestres Veiga, Adalid, Berea, Vives e Paz Hermo. Dispois, a distinguida artista argentina, Maruja Boga, recitou brillantemnte unhas poesías galegas da nosa gran Rosalía. A señorita Boga soupo interpretar a Rosalía a perfeución: puxo n-elo toda a súa fina espiritualidade e as suas outas facultades artísticas. Tamén conqueu locimento o artista galego Fernando Iglesias no seu recital. O público premiou os dous artistas con afervoados aprausos.

Seguiu unha disertazón do Profesor Sánchez Guisande sobor do tema "O redor da Galiza". Coma todol-as suas, foi unha eloocente e aleucionadora peza oratoria. Fixo unha pereorrida pol-a historia da Galiza, poñendo de relevo as grorias do noso pasado i eisaltando as virtudes do noso povo; tamén sinalou e detallou a aportazón importantísima dos gallegos aos países americanos, i especialmente a Argentina. O discurso do Dr. Sánchez Guisande foi quentamente apraudido.

sangue e da súa vida; conxurou aos gallegos a ser fideles a súa patria e os seus mártires. A verba alcendida de Castelao conmoveu o auditorio, facendo estremecear os espíritus cando romatou dicindo que, n-aqueles intras do Día da Galiza, o povo galego, d-alá, tiña as suas voces afogadas pol-a man de ferro dos bárbaros que teñen a Terra asoballada, pero que, en troques, as badaladas de todol-as campáns de todal-as catedrales, igreas e capelas ruinas da Galiza enchían o ár galego con soidos que eran protesta, máis que tamén eran espranza e fé na prúsima redenzón da Patria Galega. A concurrenz fixo ouxeto d- unha afervoadal ovazón o gran orador e patriota.

**XANTARES**

Nos domingos anterior e posterior ao Día da Galiza, foron orgaizados xantares festexando a data patria galega, o Centro Villamarín-Peroxano, eo antergo e prestixioso Centro Gallego de Avellaneda. Os dous istiveron moi concurrenidos e conqueiron locimento. Nos dous foi invitado de honor o presidente do Consello de Galicia, señor Castelao, quen pronunciou sendos discursos a prol da data patriótica que se conmemoraba.

# A Coleitividade Galega de Mendoza Celebra o Dia de Galiza

## Grande Eisito Adequiriron os Aitos Orgaizados por Irmandade Galega

Conferencia radiada, dita pol-o irmán Cacheiro — Xantar de Confraternidade no "Cerro de la Gloria"

Este ano foi a cidade de Mendoza esca d'unha outa e sinificativa celebración do Día de Galiza. A Irmandade Galega local preparou e levou a cabo unha serie de actos tan ben escolleitos e con fino tacto executados, que a personalidade da Nación Galega ergueuse n-aquela povoazón andiña con características tan propias e inconfundibels coma de outa sinificación histórica e cultural.

Os irmandiños de Mendoza, encabezados pol-os señores Cacheiro, Rodríguez Amoedo, Cobas e Niel, souberon por no primeiro prano da actualidade mendocina unha mostra da auténtica Terra galega, e algunhas probas da súa valiosa aportación a cultura de Hespaña e do mundo. Podería afirmarse que, nos medios sociais, na rúa, na prensa e na radio, a presenza da Nación Galega acusábase avencellada as



O señor Lidro Rodríguez Amoedo, dinámico e intelixente e enxebre secretario da Irmandade Galega na cidade de Mendoza

notas máis vivas e fondas d'unha vida espiritual informada pola arte, polo patriotismo e por unha cultura tonificada por o humanismo máis cordial e aberto cara os catro frentes do horizonte. A alma galega flotaba sobre da cidade andiña coma unha lus, e metíase nos corazóns a maneira de soave agarimo. Tal era de meiga, cordial e luminosa a esencia céltica que esa celebración do Día de Galiza deitou nos ámbitos mendocinos.

Tres actos deben ser destacados: a brillante conferencia do irmán Cacheiro, a audición de música galega — ambas radiadas, debido a xentileza de Radio Cuyo, a que deixamos aquí constanza do meirande recoñecemento — e o banquete realizado no "Restaurante Cerro".

### CONFERENCIA DE M. CACHEIRO REY

O irmán Cacheiro pasou revista a lenda xacóbea e ao feito histórico do nacemento e desenrolo de Compostela, da Xerusalén de judicente, e, con ela, ao xurdimiento da Nación Galega coa súa cultura e a súa influencia civilizadora en Hespaña e fora de Hespaña.

Tamén señala Cacheiro o período romano e priscilianista que sirveu de portal ao medioevo, e nos que Galiza xa se acusa con personalidade propia.

Mais o interés da conferencia céntrase no intre culminante: aquel no que Galiza, dempois de forxar unha cultura e de salvar a Hespaña do dominio sarraceno, dempois de espallar as creacións do seu xenio pol-o mundo e darlle a Hespaña o pulo civilizador, arrancándoa da súa postración e do seu estado de compraeta barbaie, recibe en troques o sometimento, a doma e o abafante ultraxe da máis denigrante das calumnias baixo forma d'unha lenda negra.

Recolle a revolución dos Irmandiños coma una prinicia europea perdida por falla política da nobreza. E entra na noite de catro séculos para sorprender os primeiros aleteos do noso rexurdimiento nacional nas verbas proféticas dos bardos e nas inquedanzas e tanteos dos precursores.

Xa en plea loita, o señor Ca-



Manuel Cacheiro Rey, presidente da Irmandade Galega de Mendoza, tan culto e fino orador, como patriota galego.

cheiro marca con pulso firme as suas etapas, e remata saudando este intre cheo de promesas e de realidades, no que o Consello de Galiza centra con autoridade, prestixio e acatamento, a vontade e a resolución da Nación Galega, hoxe que se sinte dona do seu esforzo, que sabe o que quere e a onde vai, e que dende a Terra a emigración se sinte un contacto de codos e o latexar dos corazóns animados pol-as mesmas arelas.

Non os é posíbel resumir nestas poucas verbas o moito de bó que tan elocuentemente dixo o irmán Cacheiro, nin estamos certos de interpretar axustadamente o seu patriótico e ben documentado pensamento, pois elo resulta tarefa que vai máis aló da nosa forza.

## Verbas do Sr Alonso Ríos

O señor Alonso Ríos cerrou o acto con un discurso político saturado de emoción patriótica, por veces eispositivo e por veces evocativo, que deixou nos concurrentes unha visión clara do panorama político galego e peninsuar, e o sentimento agarimoso da Terra coa súa traxedia, co seu encanto e co seu baril rexurdimiento nacional.

Destacou o señor Alonso Ríos a estreita unión e colaboración de galegos, vascos e cataláns no movemento de Geleuzca — política funda e renovadora afinada nas realidades nacionais de Galiza, Euzkadi e Cataluña, e que se proienta n un prano de comprensiva amplitude, respetuosa e cordial, en procura de unha integración peninsuar e d'un concerto entre todos os povos de orixen hispánico.

Facendo referencia a un moi agarimoso telegrama de adhesión do irmán Redolfo Prada, recordou o señor Alonso Ríos os tempos mozos pasados por ambos n-aquela fermosa provincia andiña, tan chea de recordos patrióticos

como de promesas para o futuro. A definición do sentimento de galegitude, a firmeza do "ser" galego, o repudio de toda hexemonía e de toda tentativa de castellanizar a Galiza; así coma a postura cordial e comprensiva do galego fronte aos demais povos de Península e a unha política de unión baseada na igualdade nacional, foi trazada con unha claridade e con unha firmeza tan grata coma impresionante.

A misión da colônia galega na arxentina, e d un xeito especial en Bós Aires, avencellada a formación patriótica e cultural e ao progreso económico d esta grande Nación, presentou na o señor Alonso Ríos en estreita relación coa grande entidade cultural que proiestan os grandes centros da colônia galega e co sentimento de responsabilidade que teñen de conquistar os galegos que ser país de arxentinos, e tamen coa necesidade de por unha natural armonía entre o fogar e a escola.

O señor Alonso Ríos puxo relato a súa disposición facendo en idioma galego unha evocación da paisaxe mariñá e montesía: as costas bravas, a seavidade acollidora das rías, e a que dume fonda, telúrica, das terras outas coa súa infinda variedade de formas e cores, foron meténdose na alma dos ouvintes e apoderándose d ela pr leveala no voo do enseno a sentir a presenza real da Terra.

Compre deixar rexistrado n-estas páxinas de A NOSA TERRA o noso fondo agradecemento a prensa mendocina pol-a axuda que tan xentilmente preston coa súa publicidade ao eisito dos actos que fican reseñados.

## O banquete na "Hostería del Cerro"

Tal como se tiña anunciado, o domingo 29 de Xulio as 13 horas celebrouse a comida da coleitividade galega de Mendoza, a que tivo efecto na "Hostería del Cerro".

Tomaron asento na cabeceira da mesa o señor Alonso Ríos en representación do Consello de Galiza, as autoridades de Irmandade Galega de Mendoza, unha delegación especial de cataláns e os invitados especiais.

Antes da comida, posta a concurrencia de pe, escoitaron a interpretación do Himno Galego. Tamén se fixo sentir nos intres seguintes o embruxo de cántigas e partituras con marcado sabor da Terra.

Aos postres o señor Cacheiro, presidente da Irmandade local, nunha moi bela oración, dempois de saudar a agradecer a irmáns e invitados, fixo o eloxio do irmán Alonso Ríos, tivo verbas pra encarecer diante da delegación catalana os vencellos de cordialidade, de comunidade nos ideaes e nas dores e ultraxes recibidos, que xuntan nunha aperta aos

povos catalán e galego. Agradeceu especialmente a presenza das donas que puñan un marco de fermosura n-aquela mesa convertida en comunión de outos ideaes. E refireuse a presenza do poeta Reinaldo Bianchini e ao señor García Eijó, grandes amigos de Galiza, e ao señor Xosé Calvo, xerente dos establecementos "La Superiora", quen tivo a xentileza d-ousquiar o champañe pra aquel xantar.

Falou o Dr. Cortada pra agradecer no nome dos cataláns, tendo verbas pra loubar a unión dos povos galego e catalán e pra facer votos pol-a liberdade de ambos.

Tamén falaron o señor Bianchini, o Profesor Rey e o señor Eijó. Iste fixo un maravilloso discurso no que historiou a influencia da colonia galega no Uruguay, patria do señor Eijó. Esperamos poder publicar tan importante oración, que será un valioso documento, na NOSA TERRA correspondente ao mes de Agosto. A continuación damos as intresantes verbas do señor Bianchini.

## Verbas do poeta mendocino señor Reinaldo Bianchini

"Señoras y señores: Acabo de contraer un compromiso de gratitud con vosotros en las palabras generosas del señor Cacheiro. Sabía que mi nombre estaba entre sus palabras, pero escapó a mis sospechas la dimensión del afecto. No siendo orador y ajeno, en verdad, al honor y al elogio que debo retribuir, he hilvanado unas pocas palabras, que no son las que debiera decir, y pido a vosotros la merced de ser escuchadas.

"Señoras y señores: Muy honroso resulta para mí la invitación que me



Reinaldo Bianchini, ilustre poeta mendocino e devoto admirador da lírica galega

ha formulado la Colonia Gallega de Mendoza. Honroso por vuestra compañía, como lo es al verme hermanado a gentes de un país de España con un alma que he sentido siempre rimada a la mía.

"Silencioso lector de literaturas e historias gallegas, he aprendido a querer la ternura de un estilo de vida, como el vuestro, presente en Rosalia, Pidal, en lengua madre; y no menos presente en quienes, como la Pardo Bazán y del Valle Inclán, escribieron en idioma castellano con médula estilística y emotiva gallegas.

"Agradezco así tan generosa com-

pañía y quiero hacerlo extensivo a ese otro amigo, compatriota vuestro, que conocí muy de cerca en días de jira intelectual por vuestra provincia, el escritor y dibujante Castellao.

"Cuando se habla de Galicia, se habla de una zona española donde la pureza de raza y de idioma como la singularidad de su naturaleza le dan una vida propia, tanto en el orden gregario cuanto en el estético. Esto hace que los gallegos tengan su patria dentro de España y sea hoy uno de los grandes orgullos de la cultura hispánica. Y es por eso, además, que Galicia tiene amigos lejanos, que sin haberla visto la han sentido en sus emisarios, en sus hijos, en sus obras. Nadie que haya entrado en los relatos de sus gentes, en la vida de sus valles fértiles, de sus rías sonoras y de esa singular capital de Santiago de Compostela — unión simbólica del nombre de Apóstol y de Campus Stellae — nadie, repito, que haya entrado a la vida gallega con natural predisposición de espíritu, puede dejar de recordar cariñosamente a Galicia. Este respeto, sea pues uno de vuestros orgullos; tanto como lo es nuestro, vuestra amistad, que es herencia de trabajo y cultura.

"Señores: Muchas gracias por vuestra compañía. Si alguna vez tengo la dicha — cuya esperanza es siempre mía — de conocer vuestro terruño y sentir con todos mis sentidos presentes los "aires de mi tierra", solamente habré completado esta anticipación que de Galicia me ofrecen ustedes. Y si alguna vez, además, es necesario apelar a un amigo en ayuda de solidaridad, cuentan ya con el que estas palabras pronuncia.

"Señores: Brindemos por una España mejor, la que todos esperamos desde lo más celoso del corazón; por una Galicia con sus derechos dentro de España y por una fraternidad mayor entre los hombres que no conocen más fronteras que aquellas que la naturaleza puso sobre la tierra. Por todo esto, señores, pido que brindemos".

## CASA "RODRIGUEZ"

Importación de Artículos de Goma Para Farmacias y Hospitales

ALSINA 2621

U. T. 47, Cuyo 6792

Ollando a historia de Hespaña outemos a certeza dunha loita despiadada entre a legalidade estatal e a realidade dos difrentes povos peninsulares. Hoxe mesmo, entre os dirixentes republicáns no desterro, prosegue a guerra das ficcións, do artificio, baixo o manto da legalidade. Parecera un castigo divino, ou a fatalidade dos habitantes peninsulares a vivir pendurados de abstraicións.

A República do 31 foi impo- tente para desfacer o lastre le- galeiro amoreado nas concencias dos dirixentes republicáns ao longo de séculos dunha ficticia legalidade. Por iso, cada vez que a República intentou dar un pulo cara a realidade, xurdiron as indi- cións e os esforzos afogáronse nunha tradición mantida de fic- cións. Dese xeito perdeuse a pri- meira oportunidade para estruc- turar o Estado hespañol de acor- do as características dos seus di- frentes povos, e continuouse polo vieiro dunha legalidade que nos levou a encrucillada dun desbaraxuste para emborcarnos nunha arrepiante loita, na que todos tiñamos que perder e nada que gañar.

Abonda dirixir unha ollada ao panorama político dos dirixentes republicáns no exilio para darse conta que as diferenzas que os arredan non son outra cousa que ficcións. Ficcións de parti- dos, ficcións representativas, arti- ficios legalistas... E todo iso faise a 9 anos de distancia dos feitos e océano por meio! Si non fora que nos doe no máis fondo da alma, diríamos que ise emp- acho de legalidade fíxolle e faille máis dano aos nosos povos que a mesma tiranía falanxista.

A legalidade, sexa cal for, cando non é consustancial coa realidade e non se alimenta das esenciais desta, corre o perigo de perderse no ceo das abstraicións i a resultante da súa acción é negativa para os povos. O caso de Hespaña, a través da súa mística unitaria, descoñecendo tei- mosamente as diversas realida- des, debera ser o ABC dos no- sos políticos democráticos cara unha laboura eficiente. Da noxo ler declaracións duns e doutros sempre arredor dunha legalidade que morreu e cheira que fede. Pero máis que noxo produz xen- reira pensar no triste espectáculo que os nosos dirixentes re-

PENEIRANDO FARIÑA ALLEA

# Legalidade Contra Realidade

por  
VAZQUEZ DA XESTA

presentan diante as potencias democ- iticas e diante os arre- pientes sofrementos dos nosos povos! Iste apodrecido herdo da legalidade hespañola, ¿será doen- za que non ten cura?

Nós, os galegos, levamos per- to de cinco séculos vivindo a no- sa realidade en loita permanente contra a legalidade imposta polo Estado hespañol. Induvidabel- mente que désto sabemos moito. E si hoxe o povo galego non se atopa á cabeceira dos escolleitos polo seu progredir espiritual e material, débelle somentes á imposición dunha legalidade en- teiramente allea ao celme da súa realidade. E existe unha unidade entre todolos galegos, por riba das diferenzas ideolóxicas, que os xungue nun pensamento común cara Galiza. Compre lembrar unha vez máis, para darse conta desta verdade inconcusa que, Galiza, como realidade, non exis- te para a legalidade do Estado hespañol.

O Estado hespañol decretou a morte de Galiza como unidade xeográfica, social i económica (Legalidade). Da Galiza anter- ga, do Finsterre do mundo ouci- dental, berce da raza celta e des- pois punta de lanza do cristi- nismo europeizador da Peninsu- la, fixo o Estado hespañol catro anacos arredados uns dos outros pola legalidade unitaria da he- xemonía castelán. Legalmente, non existe Galiza, senón Coru- ña, Lugo, Ourense e Pontevedra. Tampouco existe, para os orgai- mos estataes, o noso idioma, nen a denominación de galego para siñificar o noso orixe. Todo iso é o legal; mais o real é todo o contrario.

Sen mengua das diferenzas ideolóxicas, mais esquecendo personalismos políticos e retesias

individuaes, ai temos no Día de Galiza, 25 de xulio, a todolos galegos do mundo, nun xuntoiro espiritual, festexando a data adi- cada á Terra Nai, a Realidade galega. Escoltade e ouviredes la- texar todolos corazóns galegos nunha variedade de matices den- tro dun ritmo único: Galiza!

Franco e a tiranía falanxista son a consecuencia histórica do legalismo estatal hespañol a per- durar contra o sentir e pensar dos povos hispánicos. Somentes

coas espingardas pode sosterse o anacronismo legal.

Mentras os nosos republicos, responsabeis desta catástrofe pola súa ineitude, xogan a le- galidade, a tiranía falanxista prosegue esmagando aos povos hispánicos cunha inconcebibel crueldade; na Franza temos a 200.000 republicáns asoballados pola incomprensión e morrendo de fame... ¿Qué dirán estes ho- mes do "quorum", do artigo tal da Constitución ou das prerro- gativas deste ou daquele prece- dente xurídico?

Faise mester enfrentarse coas realidades, vivilas, sentilas e asi- milalas.

## Homenaxe a Don Claudio Fernández

O meritorio e prestixioso Centro Orensano resolveu ren- dirlle un homenaxe ao seu ex-presidente Don Claudio Fernández, que consistirá n-un gran banquete a servirse, o sábado 25 d-agosto pol-a noite, no local social dos orensáns: rúa Beirano 2186. No mesmo aito faráselle ofrenda, coma recordo, d-un retrato feito pol-o laureado pintor galego Manuel Colmeiro.

Poucas vegadas, se fará na nosa coeitividade ho- menaxe máis xusto e oportuno coma iste. E o dicir a coeitividade, queremos siñificar que Don Claudio Fer- nández e unha outa figura que xa traspasou os lindeiros do Centro Orensano pra se converter n-un dos máis respetables, prestixiosos e benqueridos persoeiros de toda coeitividade galega d-Arrentina. O seu afervoado patriotismo galego, a súa xenerosidade, a súa solidari- dá coas iniciativas e labours de caraiter cultural, be- néfico, autonomista, republicán e democrático, que ten habido na nosa coeitividad, fan d-íl un exemplo e fán d-íl un conterraneo meritísimo dos que, por esventura nosa, non abundan entre os galegos de forte posizón eco- nómica e de releve no comercio e na industria do país, coma é íl.

Por outra parte, a situación brillante e decisiva que tivo Don Claudio Fernandez na creazón e posta en roita do hoxe xa grandeiro Centro Orensano e os seus afáns a prol da formazón i engrandecemento dos Centros Pro- vinciales, fitando chegar a unha superior conxunción de forzas, amosttran qu-é un dos poucos homes verdadeira- mente constructivos con que contamol-os galegos de Bós Aires.

A NOSA TERRA e a Irma- dade Galega de Bós Aires, aprauden afervoados a felis iniciativa do Centro Orensano e fólganse de adherirse prenamente ao homenaxe ao gran patraño Don Claudio Fernández a quen tanto lle queremos a admiramos.

## Hogar Gallego para Ancianos

Esta nova e xa prestixiosa institución escomezou a súa laboura benéfica e altruista. Media ducia de vellos, feridos pol-a vida e sin quentura de fogar, atópanse acollidos na casa que a filantrópica enti- dade posue en Domselaar, dis- fruitando do albergue agari- moso que os azares da sorte lles habían negado.

Aí, no meio dun ambiente que lles recordará sen dúbida os eidos nativos, poderán ter- minar os seus días, ceibes de zozobras e soñando coa patria lonxana.

Esta obra, que tan auspicio- samente da comenzo, pronto chegará a ser unha das gran- des empresas da nosa coeiti- vidade. Hai o proxeito de construír un edificio monu- mental, imitando un pazo ga-

lego, con capacidade para ca- trocentas prazas, a fin de que non quede sen amparo ningún irmán en desgracia. E a pri- meira pedra deste edificio será posta antes de que acabe o ano.

Todas as sociedades galegas, si teñen senso patriótico e co- razón para aliviar o infortu- nio, deben colaborar con este intento xeneroso. Ningunha pode ficar allea a esta obra sen cometer un delito de traición a súa patria e a huma- nidade.

E non se necesitan grandes cantidades de diñeiro para le- vala a cabo. Basta con que cada un se desprenda daquelo que desperdicia para que sexa pronto unha realidade a obra máis maravillosa que habre- mos feito os galegos en Bós Aires.

## ¡Velaí Vai o Urco!

por VERDUGILLO

A noite era crara, noite de luar, de meigas e trasnos, todos a danzar.

Os ecos traguían de lonxe un cantar; moza que espallaba seu querer ao ar.

Pola corredoira unha soma vai. Parese un carneiro, asemella un can; xa figura un neno, ora un xeneral.

Camiñan tras déla un sin fin de cans; e cos seus ladridos, tal barullo fan, que o espanto sementan na xente aldeán.

Santíguanse as vellas e dánse a rezar, namentras os mozos empuñan os paus.

—¡Velaí vai o urco!—

síntese berrar—

¡Velaí vai o urco!  
¡Acudide, irmáns, pois con este demo temos que acabar!  
¡Mentras éle viva non haberá paz!

Deste xeito berra con voz extrahumán, unha mulleriña de forma irreial, que a aqueles demoños trata de alcanzar.

Cos ollos saltados i ergueitas as mans, cal garras que buscan onde se cravar; os cabelos soltos, que brancos están, i envolta nun aspro e negro saial, a muller aquela,

sin folgos tomar, a carreira louca prosegue tenaz.

—¡Urco maldecido, non te escaparás!

¡Por moito que corras, heiche de atrapar!  
¡Matácheme os fillos, quedei sin fogar, a miña xustiza logo ha de chegar!

Espárcense os berros por montes e vals, e xurden os homes da terra e do mar.

Son centos, e miles, e millóns, quizáis, e veñen resoltos para se vingar: co demo do urco hai que terminar.

Van polos atallos, quéreno encerrar; pero o moi astuto logra os enganar.

Transformado en neno, ora en xeneral; xa en manso cordeiro ou noutro animal, sempre se da maña para se fugar.

Mais a mulleriña que corre detrás e coñece as artes do esprito do mal, sigue dando berros sin se fatigar.

—¡Velaí vai o urco!

¡Dádelle a matar!  
E pegando un brinco por riba dos cans, do rabo colleuno con segura man.

Vendo entón o urco cerca a morte xa, convírtese en porco para despistar.

Non deixouse, empero, a vella bulrar, e facendo axiña unha cruz no chan dixo: —¡Sexas demo, porco ou xeneral, a túa barriga heina de furar!

Nesto cen coitelos víronse brilar; máis cando no cocho íbanse a cravar, unha labarada, a luz da mañán, dándome nos ollos veume a despertar.

## Casa OTERO

### Placas Radiográficas

Artículos de Calidad ELIOT  
Para Farmacias y Hospitales

Agujas y Jeringas Hipodérmicas  
Catgut, Guantes, etc Perfumería

GENERAL URQUIZA 624  
U. T. 45, Loria 8273

## DALTON

Camisería de Mesura Fina  
Artigos en Xeral pra Homes

Avda. SAN MARTIN 2336

U. T. 59 - 5641

## CLAUDIO FERNANDEZ

Axencia Central "Dodge"

AUTOMOVILES  
E CAMIONS

660 - MORENO - 680  
U. T. 33-6484 y 7444

752 - VICTORIA - 760  
U. T. 34, Defensa 7823

# O Día de Galiza

A data do 25 de Xuño ten un outo significado para a nosa terra. Cando Galiza xacía somida na escuridade, e casi toda Hespaña atópabase baixo da dominación musulmana, un milagre revelou ao mundo no campo da estrela (hoxe Compostela), a existencia dun corpo sagro, que a Igrexa Católica confirmou como o de Sant-Iago Apóstolo.

Non vamos agora a entrar en discusións sobor da autenticidade do feito, e menos a dicir si o corpo era o do hereiarca Prisciliano, axusticiado en Tréveris. Os que teñen fé non admiten dúbida e os que non-a teñen respetan as credencias des demáis.

Sexa verdade ou non a leenda xacóbea, ou simplemente unha variante do mito solar, o caso é que dende entón escomenza a época de ouro de Galiza, cuxa sagra cidade, Compostela, convírtese en oúxeto do pelerinaxe universal, despertando os ceios da capital da cristiandade.

O camiño de Sant-Iago é percorrido por totalas xentes do orbe. Néle mistúranse dende os reis até os mendigos. Mais todos son irmáns. A todos os xungue a mesma fe e o mesmo anxeio. Son grandes pecadores que queren postrarse aos pés do santo para outer o seu perdón.

Sant-Iago era, po's, e polo consiguiente Galiza, un ferredoiro de línguas e culturas, que había de producir, ao cabo do tempo, unha frolescencia orixinal, que se estendería polo mundo en forma de arte, ciencia e poesía.

Namentras nas demáis nacións imperaba un feudalismo asolallador, e os povos embrutecíanse na guerra, existía un currencho na terra, Compostela, que se preocupaba das cousas espritoales e elaboraba unha cultura, que había de contribuir en gran maneira ao desenrolo da cultura europea, occidental.

Galiza entón chegou ao máis outo grado da súa personalidade e coñecida e respetada, deixou rastros imborrabeis da súa grandeza en totalas partes do mundo.

Este é o senso que nós lle damos ao Día de Galiza. Relembrar o intre en que a nosa terra era un foco de cultura universal, que alumiaaba a un mundo somido na barbarie da Idade Meia.

Craro está que non desexamos que volten aqueles tempos. Ben mortos están. Esa mesma cultura que Galiza espallaba non impedía que nos seus propios eidos o povo vivira na miseria e padescera a tiranía dos señores. Anque delo ningún tivera a culpa máis que a época.

A Galiza que nós anxeiamos é unha Galiza republicana, liberal e democrática, dona dos seus destiños e disposta a formar coas demáis nacionalidades ibéricas un Estado hespañol forte e progresista, que sexa diño de respeito e de ser admitido no concerto mundial de nacións.

Por esa Galiza estamos resoltos a loitar con totalas forzas de que sexamos capaces; e neste solene día tradicional, que tantas lembranzas desperta en nós, reafirmamos unha vegada máis o noso sentimento patriótico, pensando con door nos nosos irmáns que se atopan aferrollados na súa propia terra e nos que deron a súa sangue na defensa dos ideais que sustentamos.

## O Centro Orensano de Bos Aires nas xornadas do plebiscito galego

E xusto pór de bulto a destacada contribución prestada polo "Centro Orensano" a celebración do noso Plebiscito e aos aitos en honor do Consello de Galiza.

Con todo entusiasmo sumóuse a iniciativa colaborando os seus elementos d-un xeito aitivo e ofrecendo o meirande continxente pra integrar a delegación que foi a Montevideo, figurando nela a C. Directiva en pleo.

O aporte do Centro Orensano foi tan efetivo, tan patriótico e tan estraordinario que, sin eisaxerar, pode decirse que os ourensanos deron a nota de grande estilo no brillante aporte que a coleditividade da Arxentina soubo levar a capital arxentina.

A NOSA TERRA rexistra con íntimo contento iste novo tiduo que o Centro Orensano suma aos lexítimos méritos que o poñen na primeira liña da eisaltación patriótica e da labouira intelixente e práctica posta ao servicio d-iste ideal.

CAFE Y BAR

— DE —

Jesús Rodríguez

"QUITAPENAS"

GENERAL URQUIZA 606 esq. AGRELO

Unión Telef. 45, LORIA 3383

## Na Quinta de Casa de Galicia



Na Quinta de Saude, entre prantas que recordan os nosos eidos

## Homenaxe a Bóveda no Centro Orensano

O Centro Orensano rendiralle un homenaxe ao gran mártir do galeguismo Alexandro Bóveda o 17 d-agosto prouximo, aniversario do seu fusilamento polos reacionarios falanxistas hespañes.

O aito farase no seu local social: rua Belgrano 2186 as 18 horas, e consistirá na descuberta

d-un busto en bronce de Bóveda, obra do escultor galego noso irmán Domingo Maza. Falará sobor da vida e aución do noso mártir, o irmán Dr. Xosé Nuñez Búa; recitarán poesias en loubanza de Bóveda a artista arxentina señorita Maruxa Boga eo irmán Fernando Iglesias. O presidente do Centro

Orensano, señor Lois Guede dirá uns verbas descubrendo o busto. Coma romate, falará o presidente do Consello da Galiza, deputado Alfonso R. Castellao.

Eun obriga de todolos galeguistas concurrir a iste homenaxe ao noso inesquecible e griorioso irmán Alexandro Bóveda.



Unha parte do público que asisteo ao banquete

## Xogos Froraes Catalás

TRABALLO GALEGO PREMIADO

No mes de maio derradeiro realizáronse na Cidá de Bogotá (Colombia) uns brillantes xogos froraes organizados pola coleditividade catalán d-aque-la república.

Pra ise certamen o Consello de Galicia de Bós Aires, había istituido un premio de cincuenta dólares pra o millor traballo sobor do tema "A Parroquia Galega". O xurado calificador otorgou o dito premio ao noso irmán, ex segredario da Irmandade Galega de Bós Aires, señor Xosé R. Vazquez.

As nosas felicitaciónes polo seu triunfo e ofrecemos aos nosos lectores publicar o traballo no prouximo número de A NOSSA TERRA.

Revista 'GALEUZCA'

Próxima a sair

Suscríbese en:

CASEROS 796 (6c-C)

## TALLER MECANICO "LA NACION"

ESPECIALIDAD EN CAPOTAS, FUNDAS Y CORTINAS  
PINTURA — CHAPISTA — SOLDADURA AUTOGENA

SE ARREGLAN Y SE CARGAN BATERIAS NUEVAS  
PRECIOS MODICOS

**S. ALVAREZ**



SARANDI 763 U. T. 47, Cuyo 9348 BUENOS AIRES

## Almacén y Fiambrería

"BOIMORTO"

— DE —

ANTONIO CAJIDE RAMOS

GRAN SURTIDO DE ARTICULOS EXTRANJEROS Y DEL PAIS  
MERCADERIAS SELECTAS

ALSINA 2802 esq. JUJUY

U. T. 45, Loria 8251

**Nómina das duascenas seis persoas de Bós Aires, que foron a Montevideo, pra relembra-lo ali o 9º aniversario do Estatuto Galego, e rendir-lle homaxe ao Consello de Galiza**

Tambén foron outros máis, pero sin o noso control; tendo a satisfacción de saudá-los, na veciña Capital.

Pra todos, o noso saúdo cordial e fraterno

Alfonso Castelao  
Antonio Alonso Ríos  
Elpidio Villaverde  
Virginia P. de Castelao  
Rosina de Villaverde Sra. de Alonso Ríos  
G. Sánchez Guisande  
Ramón M. Aldasoro  
Sra. de Aldasoro  
José María de Lasarte  
Sra. de Lasarte  
Manuel Serra Moret  
Pelayo Sala  
Manuel Puente  
Daniel Calzado  
Claudio López  
Antonio Alonso Pérez  
Alfonso Fernández Prof  
Eduardo Díaz  
Jesús Porto  
José B. Abraira  
José María Cascallares  
José María Quintans  
Antonio Rodríguez  
Mercedes C. de Abraira  
José B. Fungueiro  
Sra. M. de Fungueiro  
Héctor Fernández Rodríguez  
Carlos Blanco  
Enrique A. González  
Juan M. Fernández  
María G. de Fernández  
Blas Rodríguez  
Jesús Sinde  
Luis Guede  
Serafín Goi  
José Soto Fernández  
Abelardo Barreiro  
José Barreiro  
Francisco Fernández  
Constantino Saco

Manuel Caamaño  
Salutación F. de Fernández  
Manuel Quintans  
Manuel Baña  
Perfecto López  
Irene de F. Prof  
Eamón Vázquez  
Antolin Dios  
José Manuel Vilas  
Angel Sobral  
Gumersindo González  
Domingo M. de Lisi  
Manuel Mira  
Vicente Prancera  
Juana de Vianova  
Eduardo Vianova  
María Vianova  
Josefa Vianova  
José Vianova  
Sívestre González  
José Miguel Adler  
Bernardo Lang  
S. N. Gómez  
Cesario Fernández Coello  
Benito López  
Arturo Parada  
Lorenzo Caatero  
José Gómez Lata  
Leopoldo Figueredo  
Plácido Rodríguez  
Cesario Coello  
Alejandro Levy  
Manuel M. Saavedra  
Juan Pazos  
José A. Martín  
Paulino Vázquez  
Javier Vázquez  
Eduardo Díaz  
Victorino M. Baqueiro  
Manuel Pazos



Galeuzca de Montevideo homaxeando o Consello de Galiza. "Lunch" servido no seu honor

Jaime García  
José M. López  
Lisardo Rodríguez  
Antonio Vidal  
Francisco Granda  
Amancio Vence  
D'aguez Hérnida  
Ramón Martínez  
Jesús Candal  
José M. Carreira  
Fernando Lorenzo Rico  
José de la Fuente  
Abelardo García  
Eugenio González  
José Nogueira  
Ramón Baladrón  
José Silva  
Leopoldo Viale  
Julia Viale  
José Antonio Blanco  
Manuel Ucha  
José García  
José Victorino  
Dolores Tarrío  
Benito Magdalena  
José Benito Piñeiro  
Moisés Dapresa  
Enrique Alvarez

Antonio Baralobre  
José San Martín  
Ramón Cernadas  
Aquilino Feijóo  
José Melide

Constante Calveiro  
Santiago Adragonte  
Carlos Iriola  
Eulogio Güimil  
J. García Auceiras



Cabeceira da mesa do banquete ao Consello

Manuel Losada  
Francisco Scaglia  
José González  
Salutación Fernández  
Angel Casanova  
Pedro J. Baquer  
José B. Rodríguez  
Antonio Rodríguez  
Teresa Obarrio  
María C. de Moricean  
Aniceto Obarrio  
Germán Do Pazo  
Antonio Fernández  
Manuel Gómez  
Aurelia de Gómez  
Esteban Muñiz  
Aurora G. de Muñiz  
Eduardo S. Muñiz  
Manuel Blanco  
Oddone Tamazzoli

Angel Magdalena  
Jesús Tomé  
Venancio Pérez  
Claudio Migáez  
Faustino Iglesias  
María E. de Iglesias  
Abelardo Núñez  
Alfredo Magdalena  
Manuel Casa de Rey  
César W. Navga  
José María Méndez  
Manuel López  
Emilio Fernández  
Sra. de López  
José López  
Javier Vázquez Iglesias  
Paulino Vázquez  
Arturo Cuadrado  
Modesto Calviño  
Manuel Dieguez

Alfredo López  
José M. Iglesias  
Jesús Domínguez Prieto  
Pedro Campos Couceiro  
Miguel Couto  
Francisco Loureiro  
Manuel Gracela  
Angel Novo  
José San Pedro Lois  
José Ferreiro  
Sra. de Ferreiro  
Manuel Bagueiras  
Ramiro Rial  
Antonio Migáez  
M. García Auceiras  
Daniel Pérez  
José Bóo  
Juan Saavedra  
Manuel Stone  
Andrés Pablos  
Primitivo Galeiro  
Cesario Pérez  
Ramón Fontela  
José Saavedra  
Benito Carballo  
Jorge Vilamill  
Bernardo Vázquez  
José Bergantiños  
Antonio Vilaboa  
Alvaro Vilavedra  
Antonio Da Ponte  
Benito Paz  
Fernando Alvarez  
Demetrio González  
Diego Castiñeira  
Abelardo Pérez  
José  
Antonio  
Pedro Díaz  
Francisco Loureiro  
Venancio Viadeiro  
Juan B. Andrade  
José Louro  
Adolfo Tremesíño  
Alfredo Touza  
Gervasio López  
Damián Ferreiro  
José Touzon

**Casa OTERO**  
**PLACAS RADIOGRAFICAS**

Artículos de Calidad "ELIOT"

PARA FARMACIAS Y HOSPITALES  
AGUJAS Y JERINGAS HIPODERMICAS  
CATGUT, GUANTES, etc. - PERFUMERIA

General Urquiza 624 U. Telef. 45. Loria 8273

**BANCO ESPAÑOL**  
**del Rio de La Plata Ltda.**

Una Tradición en la Banca Privada  
al Servicio del País

CASA MATRIZ:  
RECONQUISTA 200 — BUENOS AIRES

48 CASAS EN LA REPUBLICA ARGENTINA

**TALLERES GRAFICOS**  
**CONTRERAS**

OBRAS, CATALOGOS, REVISTAS Y FOLLETOS  
PROGRAMAS, TRICOMIAS, CARTELES, CARTAS,  
etc.

IMPRESIONES PARA PUBLICIDAD EN GENERAL

PASCO 291 - 95 BUENOS AIRES

Unión Telef. 47, Cuyo 4790

**CASA DURAN**

- ★
- SOMBREIROS
- CAMISAS
- BONETERIA
- PANTALOS

30 Gral. Bosch 30 U. T. 22 - 4405  
AVELLANEDA (PIÑEIRO)

# Lembrouse en Montevideo o plebiscito do Estatuto Galego

## A presenza do Consello de Galiza na capital uruguiaia, provocou un entusiasmo indescriptibel na numerosa colectividade galega republicán

O noveno aniversario do Estatuto de Galiza, foi lembrado este ano en Montevideo, a veciña Capital de ese pequeno gran país que se chama Uruguay, seo da liberdade máis pura e regazo da democracia consente e orgánica. "Na capital d'unha Galiza liberada", como lle chamou o noso gran líder Castelao, nun dos seus conceptuosos discursos.

Os actos, que foron varios, —o primeiro foi a exposición de estampas de Castelao, cuxo éxito comentamos no noso número anterior— foron orgaizados pola benemérita "Casa de Galicia", a gran institución galega de Montevideo, democrática, republicana e orgullo, no só dos nosos irmáns d'ali, senon dos de toda América, particularmente d-os do Río da Prata.

Pode afirmarse, categóricamente, que estes actos conquiriron a categoría d'un feito histórico, dada a estraordinaria importancia, o entusiasmo afervorado, consente e patriótico que as colectividades galegas do Prata lle concederon. Nunca estivo máis vibrante, máis firme o sentimento galeguista das nosas colectividades de emigrados. Nunca sentiron tan fondamente a saudade da súa terra, aferollada por forzas políticas retrógradas e alleas o seu espírito liberal e humano.

Os homaxes o Consello de Galiza, que os galegos do Uruguay lle prodigan; os victores e os aplausos, poñen ben de manifesto a fonda admiración e a viva simpatía que soupo conquirir no seo das colectividades galegas de emigrados. As adhesións d'as diversas colonias de irmáns nosos, espallados por terras de América, desde Río Gallegos a Nova York, patentizan toda a fé e toda a esperanza posta nos ideais que inspiran a constante labora política que ven desenrolando o Consello desde a súa fundación. En verdade, a conmemoración de este aniversario do Estatuto Galego, foi un novo plebiscito extraterritorial feito a toda conciencia e con vontade puxante e baril pol-os galegos do Río da Prata.

A conciencia nacional galega, desperta do seu sono secular, o conxuro da verba acesa de patriotismo e de fé dos abandeirados do galeguismo.

Galiza, embora, camiña deica a súa pronta liberación, por máis que "os féridos e duros" se oponían coas súas torvas intencións e seus crimiñas desíños. Os galegos de América están o demostrando, e moito mellor o demostraban os de Galiza, si tuveran liberdade pra facelo. ¡Os tempos están chegando! ¡E faran-o!

### COMENZAN OS FESTEXOS

Co a chegada do vapor da carreira, arribou as oito da mañá a numerosa delegación de Bós Aires que foi a Montevideo a presenciar os actos en conmemoración do Estatuto, e rendirle homaxe con este motivo, o Consello de Galiza. Os directivos de "Casa de Galicia" e da Irmandade Galega, e numerosos socios, estaban no porto esperando a

## Grandeiro mítin, banquete mañífico e agasallos feitos o Consello e as delegaciõs que foron de Bós Aires pra asistir os festexos orgaizados pol-os nosos irmans da veciña ourela

### Visitas as autoridades uruguaias

chegada da nutrida delegación, que foi recibida con cálidos aplausos. Pensouse en ir a recibilos co coro de "Casa de Galicia" para saudalos cunhas alboradas e cantos nosos; pero, non foi posibel, debido a hora e as ocupacións particulares dos compositores do coro. Despois dos abrazos e saudos, os viaxeiros trasladáronse aos doce coches "bullman" que os estaban esperando as órdenes da Comisión Orgaizadora. Fíxose unha breve recorrida pol-os sitios máis fermosos da bellida cidade, e axiña os hoteles desñados.

#### AS DELEGACIOS

A delegación bonaerense estaba composta por máis de duas centas persoas, cuxos nomes damos en nota a parte. Ademais dos compositores do Consello, Castelao, Villaverde, A. Ríos e as súas respectivas donas; foi, tamén, o doctor Sánchez Guisande, don Manuel Puente; os doctores Aldasoro e Lasarte, coas súas donas, en representación dos vascos; o doctor Pelayo Sala e o doctor Serra Moret, representando os cataláns, e invitados especiais todos eles.

Tamen levaron representacións colectivas os señores Antonio Alonso Pérez que foi pola Federación de Sociedades Galegas e Centro Coruñés; os señores Jesús Porto e J. M. Cascallares; e don Manuel Fernández, Prol, E. A. González, J. S. Rodríguez, Guede e moitos máis amigos do Centro Orensano; Díaz e Quintáns polo Centro Pontevedrés; don Daniel Calzado y Abraira, pola Irmandade; formaban parte da mesma delegación moitas máis persoas coñecidas pola súa destacada actuación; entre outras os señores Perfecto López, Claudio López, V. M. Baqueiro, etc.

#### VISITA AO INTENDENTE DE MONTEVIDEO

Entre os actos do programa,



Os representantes das entidades de Bós Aires aderidas aos actos en conmemoración do Estatuto, ao desembarcar no porto de Montevideo, acompañados dos dirixentes de Casa de Galicia. Nótase o eispresivo cartel

figuraba, como é natural, trándose do Consello de Galiza a visita as outas autoridades do Uruguay; presidente da República, Intendente de Montevideo e o Parlamento. A visita a este último non se poido realizar, porque pasaron a recesso as Cámaras, co gallo das festas xulias. Pro lús seguinte, esto era o sábado día 30 de xunio, estaba disposta a visita ao presidente, doctor Juan José Amézaga. E o señor Intendente, inxeniero Juan P. Fabini, recibiu o Consello as 11 da mañá do día 30, de partindo amablemente cos seus membros por espacio de varios minutos, interesándose pol-os nosos problemas.

#### VISITA E COLOCAZON DE FROLES EN VARIAS PRAZAS

O mesmo día 30, as dúas da tarde, seguiu cumplíndose o programa. Citouse a esta hora a todos os excursionistas e delegados de entidades de Bós Aires, e en compañía dos directivos e moitos socios de "Casa de Galicia", fíxose un recorrido pola cidade, visitando, en primeiro termo, a tomba que garda os restos do que foi noble e humanitario Cónsul do Uruguay en Vigo, señor Perelló, no cementerio Central, que durante a guerra civil española, quitou das mans dos asesinos falanxistas a moitas persoas republicanas, salvándolles a vida. Falou neste acto o doctor Sánchez Guisande con verbas apropiadas i espresivas que emocionaron a os presentes. Despois de este sinxelo pero emotivo homaxe, visitáron as prazas Guernica, Companys, Azaña e Dr. Albo, un ilustre caideiradeiro e médico galego, feito no Uruguay, moi querido pol-os nosos irmáns d'ali e que durante moitos anos foi o ciruxano de "Casa de Galicia"; e, despois

duns minutos de recollido silencio, depositáronse sendas coroas de froles nos moimentos das mesmas.

Cumpridas estas ofrendas pol-os excursionistas porteños, estos foron invitados pol-as autoridades de "Casa de Galicia" a visitar a fermosa "Quinta de Saude" que ten a dita institución, nas aforas da cidade. E alí foron nos doce "pullmans", gardados con bandeiras uruguaias e galegas e con carteles espicricativos; poñendo unha nota cordial e chamativa, nas rúas montevidenas. O chegar alí, a xente desparrouse pol-os belidos xardíns da ampla propiedade, vendo e admirando as prantas, algunhas délas autóctonas da nosa terra. Pouco despois, e sendo as seis da tarde, foille oferecido aos visitantes un espléndido e ben servido "lunch", facendo os ho-

nores da casa, don Luis Luna, o cortés presidente da "Casa de Galicia", acompañado de algus dos seus compañeiros da directiva. Serían as sete e media, cando emprendeuse a volta para o centro da cidade, deixando os "pullmans" a cada un no seu hotel.

Despois de cear, e antes que comenza o mítin, os viaxeiros porteños foron a visitar a exposición de estampas de Castelao, feita nunha das salas do Ateneo. Esta mostra mañífica da arte real e baril do noso gran artista e "fider" do galeguismo, foi postergada a súa clausura, a pedido das mesmas autoridades do Ateneo, por vinte días máis, en vista do intrés do público por vela.

#### CASTELAO, SOCIO HONORARIO DE "CASA DE GALICIA"

Mentras se facía a excursión que deixamos referida máis arriba, tiña lugar a Asamblea semestral de "Casa de Galicia", que presentaría o seu Estatuto. A "orden do día" alterouse, pasando a cuarto intermedio, para dar lugar a os festexos; pero, nomeando a Castelao socio honorario da institución, único acordo que se tomou ese día e por unanimidade.

#### O MITIN DO ATENEO

Poucas veces se viu tan colmado o gran salón do Ateneo de Montevideo, como a do aito en lembranza do 9º aniversario do Estatuto Galego, e orgaizado pola dita "Casa de Galicia" que abrangue, como é sabido, a toda colectividade galega democrática do Uruguay.

Este aito despertou sumo intrés, non só na nosa colectividade, senon tamén nos círculos uruguaios; asistindo a eles, destacadas personalidades da política, das finanzas, e intelectuales e artistas, e o máis granado da colectividade galega. O salón, como decimos, estaba de bote en bote, e houbo que poñer tres ou catro fileiras de sillas máis, pra poder acomodar a xente, e aínda así ficou moita de pé. O salón estaba adornado con bandeiras uruguaias, galegas e republicáns.

Presideron o aito, ademais do Consello de Galiza, as autoridades de "Casa de Galicia", e os señores Aldasoro, Lasarte, Pelayo Sala, Serra Moret, Sánchez Guisande, Manuel Puente, presidente da Comisión Orgaizadora de Bós Aires, Antonio Alonso, secretario xeral da Federación de Sociedades Gallegas, etc. Dou comenzo o aito, e os hinos uruguaios e galego executados polo coro de "Casa Galicia", que foron escoitados relixiosamente.

Enseguida abreu o aito o presidente da institución orgaizadora, señor Luna, que dixu palabras axeitadas o aito que se realizaba, dicindo, en síntesis que as colectividades de emigrados deben e teñen a obriga de auspiciar e promover todo aito que beneficiara a terra natal e presétxara os emigrados; entendendo así, a Directiva de "Casa de Galicia" se creu na obriga de conmemorar o 9º aniversario do Estatuto Galego e rendirle homaxe a o Consello de Galiza, na cabeza do seu presidente, a gran figura de Galiza, don Alfonso R. Castelao.

O señor Luna foi aplaudido pol-as acertadas verbas que di-

xo. Falou a continuación o doctor Sánchez Guisande, que tamén colleitou grandes aplausos durante a súa brillante eispósición. Despois pronunciou o seu discurso o señor Elpidio Villaverde, que tamén outuvo moitos aplausos. Enseguida seguiu no uso da verba o señor Alonso Ríos que foi aplaudido en diversos pasaxes da súa disertación. Cerrou a serie de discursos o líder do galeguismo, don Alfonso R. Castelao, que o poñerse de pé, recibiu unha salva de aplausos. Foi o discurso de Castelao un dos millores que lle ouvimos. Conceptuoso, apretado, macizo, cheo de doutrina, claro e valente; sin inuteis arrequives retóricos, pero ben construído e meditado. O término foi longamente aplaudido e felicitado polos presentes.

A Irmandade Galega, fixo editar unha tirada de dez mil exemplares, como suplemento de A NOSA TERRA para ser espallados polos círculos políticos galegos i hispanóles de América i Europa. Tanto os discursos dos membros do Consello, como o do doctor Sánchez Guisande, publicámonos neste mesmo número, pois considerámonos da máis outa importancia pros nosos lectores. A versión taquigráfica é esalta. O secretario de "Casa de Galicia", señor López Maseda, deu lectura as adhesións recibidas, que foron moitas. Recibíronse de México, da Habana, de Nova York, de Porto Rico, de Colombia, de Suárez Picallo, de Chile, de Rodolfo Prada, desde o Perú, do Centro Galego de Bós Aires, do Centro Galego de Avellaneda, de Casa de Galicia de Bós Aires, das Irmandades Galegas de Mendoza, Rosario e La Plata. Ademais, recibíuse un moi eispresivo d'un grupo de arxentinos, fillos de galegos, aderíndose os aitos. Tamén se recibiu outro d'un grupo de socios do Centro Lucense de Bós Aires.

#### HOMAXE A ARTIGAS

Foi unha cerimonia sinxela consistente n-unha ofrenda froal coas cores da bandeira ga-



VISITA AO INTENDENTE DE MONTEVIDEO

O Consello de Galiza, acompañado de varias personalidades de Bós Aires e da veciña ourela, en compañía do inx. Fabini en pose para os fotografías dos xornaes

lega, na execución pola banda municipal de Montevideo d-os hinos uruguaios e galego, e n-unha alocución en idioma galego pol o profesor de historia e segredario do Consello de Galiza, señor Alonso Ríos.

O día 1º de xullo as 10 horas, na plaza da Independencia, diante da estatua de Artigas, douse comenzo ao programa depositando no pedestal do monumento unha grande palma en forma de escudo co campo branco atravesado pola franxa azul.

Con respetuoso silencio foron escoitadas as dúas cancións nacionais e apraudidas con patriótico entusiasmo.

#### VERBAS DE ALONSO RIOS

Hoxe reunímonos eiquí pra facerlle esta ofrenda ao fundador do Estado Uruguaios. Compre destacarse o contraste que hai entre a Nación Galega con máis de dous mil anos de fundura histórica e esta República do Uruguay con pouco máis de un século de vida e que aínda está no aborexar da súa formación nacional. Qué estrana ten que resultarnos a primeira vista esta paisaxe cha ou ondeante con pequenas lombas, onde un home montado n-un faco, colgando do aparello un lazo ou unhas boleadoras, arrea unha tropa de facenda de mil ou máis vacunos. Nada ten de común cos nosos vales cinguidos por outos montes onde unha rapaza leva pola corda unha xuvenca a pacer no remedo d'un panasco.

Foi este ambiente peculiar o que xerou aquel sentimento localista que, a pesares da semellanza e da irmandade que se sentía coas xentes da outra beira do Plata, e sin querer romper coa grande familia que parecía predestinar o feito histórico de Virreinato, pesou na vontade dos habitantes d'esta terra pra que resistiran as tentativas do unitarismo centralista representado pol-os homes de Bós Aires.

E así como Artigas, —que non era separatista, e que, non embargantes sentía ou presentía a personalidade en potencia, late xante nos borrosos trazos do illamento colonial e nas particularidades do medio, non d'unha nación, máis si d'un ente que tende a conquistar personalidade autonómica,— pon no tapete a orgaización federal que armoniza o seu sentimento localista coa



Castelao, falando no banquete

idea de non mutilar o territorio abarcado pola estrutura virreinal.

Eppurado pola incompreensión terca e o afán de dominio dos centralistas, Artigas atópase diante do dilema de traicionar o pulo autonomista consentindo que a provincia Oriental se trocara n-un ente óccil e sumiso a vontade d'un dos veciños que se disputaban a súa posesión, ou de eistrimar a loita e correr fogos riscos chegando a sacrificar os lazos da irmandade ao sentimento da personalidade nacional. E Artigas resolvése polo camiño duro do sacrificio, que é tamén o da liberdade e o da diñidade, e bota as bases d'este Estado; e, sin querele, Artigas é separatista.

Nesta aitude o héroi uruguaios, e n-aquel intre da súa dramática resolución hai unha marcada semellanza coa nosa postura de hoxe. Certamente nós, os

galegos, temos unha meirande obriga e unha meirande responsabilidade. Pois sobor de nós pesa a fundura histórica e a tradición viva d'unha Nación que a cumpleu grandes deñiños e encheu o mundo coas creacións do seu xenio. Nós non somos unha provincia colonial, que necessitamos d'un héroi pra xestar o seu ser nacional, polo Galiza xa non conta a súa vida por séculos senón por milenios. Máis nós tamén loitamos escontra da incompreensión e do centralismo, e tamén podemos vernos empuñados a tor que escoiler, non entre chegar a ser, que xa somos, máis entre deixar de ser o separarnos. E xa hai que apuntar a dissiuntiva. E tamén nós, sin ser separatistas, podemos chegar a separación.

O feito máis impresionante de Artigas é aquel no que arrinca de cuallo unha parte da poboación e se traslada con ela ao outro lado do Uruguay. Prefire deixar o chan nativo denantes de cometerse a vontade allea.

E nós, os galegos, que diante da morte e da escravitude, tamén tivemos que abandonar a nosa Terra pra loitar pola súa liberdade, e que temos de loitar por ela deica vela libre, coa máis viva emoción tributámonlle iste homaxe ao fundador da Nación Uruguaios, por quen todos os povos amantes da liberdade deben sentir veneración.

#### O BANQUETE

A medio día foi servido o banquete con que os galegos do Uruguay. (Continúa na páxina seguinte)

## LEMBROUSE EN MONTEVIDEO O 9º ANIVERSARIO DO ESTATUTO GALEGO

(Ven da páxina anterior)  
guai agasallaron o Consello de Galiza. Asistiu unha concurrencia de máis de mil quintas persoas. Os grandes salos das "Cervecerías do Uruguai", que foi onde sirveo o banquete, estaban garnidos con bandeiras uruguaias, galegas, vascas, catalanas e republicanas. Na cabeceira da mesa, sentáronse os membros do Consello e demais invitados especiais. O entrar Castelao cos seus compañeiros foi ouxeto dun aplauso cerrado e con vivas a Galiza e a autonomía.

Entre os invitados especiais que ocuparon a cabeceira da mesa, ademais dos membros do Consello, a delegación vasca e catalán formada por Aldasoro, Lasarte, Serra Moret e Pelayo Sala; os deputados uruguaios Valiño y Sueiro, Ruibal, Grauert e subsecretario de I. Pública, doctor Corradi; o señor Rómulo Botto, que levou a representación do Intendente, inxeniero Fabini; don Manuel Puente, presidente da Comisión de Facenda do Consello; o doctor Sánchez Guisande, o escritor don Xulio J. Casal, o presidente de "Casa de Galicia" e o secretario, señores Luis Luna e López Moseda, respectivamente, don Bernardo Iglesias, Crestar, Canabal, Claudio López, a señora de Castelao, a quen lle foi ousequiado un ramallo de froles pola Comisión de Festas de "Casa de Galicia", e moitos máis que lamentamos non recordar. Eiscusaron a súa asistencia, aderíndose o aito: o señor Presidente da República, doctor Amézaga; e os señores ministros de Defensa, general Campos; do Interior, doctor Carbajal Victoria; de Obras Públicas, doctor Berreta; de I. Pública, Dr. Folle Joanicó; o Vicepresidente, Dr. Guani e o xefe de Policía, Dr. Gómez Folle.

A orquesta tocou os hinos uruguai e galego, escoitados con verdadeira emoción, dando comezo o xantar que foi ben servido, le amenizado con música galega e uruguia. A os postres, ofreceu a demostración ao Consello de Galiza, o señor Luna, no seu carácter de presidente da entidade orgaizadora. Fíxo con verbas apropiadas, cordiais e emotivas que conquisaron os aplausos da concurrencia.

Despois falou o señor Manuel Puente, que preside a delegación de Bós Aires, pronunciando o interesante discurso que publicamos n'estas mesmas columnas. A renglón seguido faláron os

